



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Xose Manuel Cid Fernández
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Marcos De La Fuente Ferreiro
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D^a. M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. Xoán Xosé Santamaría Conde
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
DESCULPA A SÚA ASISTENCIA
D. José Durany Castrillo
D. José M. da Rocha Álvarez
D. Enrique Valero Gutiérrez
D. Julio Taboada Pérez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, do dez
de febreiro de dous mil, ás 9 horas en
primeira convocatoria e ás 9.30 en segunda,
na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros
de Telecomunicación da Universidade de
Vigo.

O xoves, **día 10 de febreiro de
2000**, ás 10 horas, comezou a sesión
ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto
de trata-lo seguinte punto da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24-1-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Asuntos de profesorado (prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos).
- 4.- Aprobación, se procede, de modificacións do regulamento dos Premios Fin de Carreira aprobado en Xunta de Goberno do 8 de novembro de 1999.
- 5.- Aprobación, se procede, da división do

Departamento de Química Física e Química Orgánica.

- 6.- Aprobación, se procede, da normativa sobre materias de libre elección
- 7.- Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para o curso 2000-2001.
- 8.- Aprobación, se procede, do encargo de docencia das materias troncais e obrigatorias a implantar por primeira vez.

- 9.- Convocatoria de axudas de investigación do ano 2000.
- 10.- Aprobación, se procede, de modificacións do regulamento do CACTI.
- 11.- Convocatoria de actividades de extensión universitaria.
- 12.- Aprobación, se procede, de convenio coa Universidade de Santiago e coa Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais.
- 13.- Debate e aprobación, se procede, dunha resolución en apoio ó profesor insubmiso Emilio Romero Lorenzo.
- 14.- Elección para cubrir un posto vacante na Comisión de Investigación Delegada de Xunta de Goberno (sector estudantes).
- 15.- Rogos e preguntas.

Comeza a sesión as 9 h. 50 m.

Punto 1.

Acta 24-1-2000

Apróbase por asentimento despois de aceptar as alegacións dos Sres. Santamaría e Gómez Soler e da profesora López Vidal que se incorporan á redacción definitiva.

Punto 2.

O Rector informa sobre:

- a reunión do Consello Universitario de Galicia no que se informou sobre o plano do Ministerio de Educación en temas de promoción e estabilización do profesorado (a Consellería de Educación fará o engadido correspondente no Plano de Financiamento para asumir ese custo).

- a sinatura dun convenio con Caixavigo e Ourense polo que se pon en marcha a Cátedra de Estudos Feministas.

- a renovación do convenio co Banco Pastor, que fai unha aportación á Universidade de 25 millóns de pesetas.

- a entrevista co Alcalde de Ourense para tratar varios temas que afectan ó Campus de Ourense (en particular, a necesidade de xuntar os dous Campus).

- o nomeamento do profesor Ignacio Munilla como Director da Oficina de Medio Ambiente, en substitución do profesor Antonio Gallardo.

Por último relata o proceso seguido na ocupación de espazos no Edificio de Fundación:

En Resolución do Rector de 20 de agosto de 1999 se lle comunica á área de Enxeñería dos Procesos de Fabricación que debe deixar libre unha zona do edificio para realizar obras que permitirían facer unha redistribución de espazos nese Edificio e poder ubicar a dez profesores de Linguaxes e Sistemas Informáticos. Esta orde non foi cumprida, nen tampouco outras comunicacións posteriores, sendo as últimas as de 14 de decembro de 1999 e as de 22 e 24 de xaneiro de 2000, asinadas polo Vicerrector de Planificación. Recordamos o Rector a situación privilexiada dos 6 profesores desta área que dispoñen dun total de máis de 900 m² nese Edificio.

Por fin o 25 de xaneiro de 2000, a través da conserxería do edificio de Fundición, procédese a deixar libre o espacio citado.

Indica que esta situación levará á apertura dun expediente disciplinario ó profesor Enrique Ares.

Varios membros da Xunta de Goberno interésanse por este tema.

O profesor Pose di que non existiu tal resolución rectoral e pregunta ó Rector se está seguro de ter actuado correctamente (O Rector responde que sí, que fixo todo o posible e que ó final exerceu a súa autoridade).

O profesor Santamaría pide que conste en acta a intervención do Rector.

O profesor Pérez Amor opina que é pouco nobre e elegante informar dese xeito e incitar ó debate.

O profesor Fernández Areal di que o que é pouco elegante é a páxina do Faro de Vigo na que se narran uns feitos non asinados por ninguén. Di que o Rector non ten máis remedio que explicar.

O profesor R. Berrocal opina que este tema non debe ser debatido nesta Xunta de Goberno e que observa certas imprecisións no informe do Rector. Di que debe comprobarse se a orde dada foi unha resolución ou unha notificación.

O Sr. Gómez Soler pide que se investigue quen chamou á policía para que fora ó Campus.

O Rector di que se parece conveniente tratarase este tema nunha vindeira Xunta de Goberno. O profesor Pérez Amor considera que sí e solicita que sexa incluído como un punto da orde do día na vindeira Xunta de Goberno.

Punto 3.

Asuntos de Profesorado.

* Prazas BOE:

C03	420	TIT-UN	Vigo	Rolán Álvarez, Emilio
T07	520	TIT-UN	Vigo	Garrido Campos, Julio
T08	400	TIT-UN	Vigo	Ulla Miguel, Ana M ^a

Apróbanse por asentimento.

* Transformacións: Sométense a consideración da Xunta de Goberno as seguintes:

C03	420	Morán Martínez, M ^a Paloma	de Axu. 1ºetapa a PP2
C07	750	Lavilla Beltrán, Isela	de PP2 a TIT-UN interino
C08	765	Fall Diop, Yagamare	de PP2 a TIT-UN interino
C08	765	Iglesias Antelo, Beatriz	de Axu . 1ºetapa a TIT-UN interino
H03	370	Rodríguez Guerra, Alexandre	de PP1 a PP2
H04	345	Urdiales Shaw, Martín	de PP1 a PP2
T04	555	Iglesias Duro, Miguel Ángel	de PP1 a PP2
T12	560	Pousada Carballo, José María	de PP1 a TIT-UN interino
T12	560	Gil Solla, Alberto	de PP1 a TIT-UN
T12	800	Abreu Sernández, M ^a Victoria	de ASO T2TC a TIT-UN interino
T12	800	Martín Rodríguez, Fernando	de PP1 a TIT-UN interino
X09	095	Martínez Senra, Ana Isabel	de PP1 a PP2

O Sr. Santamaría observa certas incoherencias, nalgunha destas solicitudes, entre as datas da petición do interesado, do Consello de Departamento e da Comisión de Docencia. Pide que se modifiquen os impresos correspondentes para que reflicten todo o procedemento.

Neste tema, o profesor Surís, membro da Comisión de Docencia, explica que acordouse dar o Visto e Prace a estas solicitudes e envialas directamente a Xunta de Goberno unha vez comprobada a decisión do Consello de Departamento.

A profesora Sánchez Trigo di que debe tratarse por igual a tódolos Departamentos.

O profesor R. Berrocal di que na Comisión de Docencia decidiuse por unanimidade remitir á Xunta de Goberno a decisión sobre as transformacións de profesores de Química Orgánica tendo en conta, ademais, que afecta ó punto 5 desta mesma sesión (división de departamentos).

Tamén apoia a proposta de mellorar e actualizar o tipo de impresos. Pide que se informe ós Departamentos das datas das sesións da Comisión de Docencia.

Apróbanse as transformacións por asentimento.

O Vicerrector de Profesorado tamén informou que na Comisión de Docencia foi tratada a necesidade de aclarar en que datas ou períodos se poden facer transformacións no futuro. Cando hai exceso de carga docente, poderán ser inmediatas; noutro caso, deberían, posiblemente, levarse a cabo 1 ou 2 veces ó ano. Nunha vindeira Xunta de Goberno, tomarase unha decisión neste sentido.

O Vicerrector de Profesorado informa á Xunta de Goberno da transformación solicitada por D. Ivan Area, de PP1 a Titular de Universidade Interino. Lembra o dereito deste profesor á transformación (artigo 19-b do regulamento de profesorado). Informa dun escrito do Vicerrector ó Director de Departamento preguntando pola decisión do Consello de Departamento ó respecto e da resposta do Director remitíndose a un Consello de Departamento que tivo lugar en novembro de 1999 no que se denegou a transformación.

O profesor Corbacho relata o proceso seguido no nomeamento e toma de posesión de D. Iván Area como PP1, que levou a que varios profesores do seu Departamento presentaran un recurso. Di que este punto non debería tratarse sen dispor de documentación.

O Rector di que independentemente das interpretacións, a Xunta de Goberno ten elementos de abondo para decidir sobre esta transformación e que a Comisión de Docencia sí tratou este tema.

O profesor Membiela di que se trata dun dereito de promoción recoñecido e que debe aplicarse o criterio académico sen esperar a que resolvan os xulgados.

O profesor Outes pregunta se foi correcto o nomeamento deste profesor. Di que non debe tratarse o punto sen documentación. Neste sentido tamén se manifesta o profesor R. Berrocal.

Despois deste debate, retírase o punto, ínstase o Departamento para que o Consello se reuna con urxencia e que faga a proposta de transformación para ser tratada na vindeira Xunta de Goberno.

* Visitantes :

- D. Iván Le Creurer, coa categoría de TIT-UN, desde el 18-01-00 ata a incorporación da Profesora Titular, no Departamento C06 de Matemáticas.
- D. Flip Klijn, coa categoría de TIT-EU, desde 21-02-00 a 30-09-00, no Departamento C05 de Estatística e Investigación Operativa.
- D^a. Beatriz González Vázquez, coa categoría de PP1 , desde 14-02-00 a 30-09-00, no Departamento X06 de Economía Aplicada.
- D. Ángel Peláez Martínez, coa categoría de TIT-EU, desde 21-2-00 a 30-09-00, no Departamento T06 de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.
- D^a. María Montserrat Lorenzo Díaz, coa categoría de PP1, desde 15-02-00 a 30-09-00, no Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

Apróbanse por asentimento.

* Permisos:

Por acordo da Comisión de Docencia sométense á consideración da Xunta de Goberno o seguintes:

- D. Francisco Javier González Castaño, dende o 01-02-00 ata 31-05-00.
- D^a. Inmaculada Prieto Jiménez, dende 28-02-00 ata 31-07-00.

Neste punto o Sr. Álvarez Moreira di que conste o seguinte

O Rector explica que o tempo que vai dende a solicitude de permiso e a obtención de financiación é, en moitas ocasións, longo. Eso explica nalgún caso a separación existente entre as datas.

Varios membros de Xunta de Goberno opinan que deben concederse estes permisos.

Apróbanse por asentimento.

O profesor Pérez Amor quere que conste en acta que o Vicerrector de Profesorado denegou un permiso dun profesor de Física Aplicada para ir a Finlandia por estar a solicitude fóra de prazo.

Punto 4. Modificacións do regulamento dos Premios Fin de Carreira aprobado en Xunta de Goberno do 8 de novembro de 1999.

Apróbase por asentimento a nova redacción proposta nos puntos 2 e 3.

Asimesmo acéptase que esta normativa se aplique este ano con carácter retroactivo dende o ano da segregación da Universidade de Santiago (e non dende a entrada en vigor dos Estatutos).

Punto 5. División do Departamento de Química Física e Química Orgánica.

O Vicerrector de Organización Académica di que na actualidade ambas áreas xa teñen o número de profesores necesarios para constituirse en Departamento.

Apróbase a división por asentimento.

Punto 6. Normativa sobre materias de libre elección.

O Vicerrector de Organización Académica presenta a proposta e indica que foi aprobada na COAV previo informe do Servicio de Alumnado e da Sección de Títulos.

O Sr. Martínez Cacharrón indica que cando se ofertan materias específicas de libre elección deberían existir contidos de carácter pedagóxico tendentes a posibilitar que os C.A.P. reduzan o seu custo ou a súa duración. Propón que no artigo 16 se explicita que na oferta se fomenten materias vinculadas a títulos posteriores e que se estudie como se podería garantir a futura validación.

O Sr. Álvarez Moreira presenta as seguintes propostas de modificación.

Unha vez rematada a lectura, J. Ángel Álvarez Moreira fai constar que, caso de aprobarse a

proposta do artigo 4, non poderá aproveitarse da mesma xa que lle sobran créditos de libre elección.

O Sr. Gómez Soler propón que no artigo 25 cando se diga entidades privadas se engada " sen ánimo de lucro". Acéptase.

Tamén pregunta polo anuncio da academia ICA aparecido en prensa (O Vicerrector de Organización Académica respóndelle que se está elaborando o oportuno informe).

O profesor Corbacho, propón que a oferta de materias específicas de libre elección xeral de campus (artigo 20) tenda a cubrir o 65% das prazas (en lugar de limitala ó 35%).

O profesor Reigosa, no referente a estadias en centros de investigación (artigo 34) propón que a cualificación sexa de apto ou non apto " agás naquelas nas que exista un mecanismo de avaliación, nas que se poderá outorgar a cualificación correspondente".

O profesor R. Berrocal está dacordo coa limitación do 35% do artigo 20, xa que hai que restrinxir o coste e incluso seleccionar materias.

O profesor Surís non está en desacordo coa idea xeral de que as actividades de representación e xestión universitaria poidan ser computadas por créditos de libre elección. Nembargantes está en desacordo co procedemento plantexado polo Sr. Álvarez Moreira.

O profesor Reigosa e o Sr. Martínez Cacharrón non están de acordo co que se contabilice ese tipo de créditos.

O Sr. Gómez Soler opina que esa non é unha boa forma de fomentar a participación.

O profesor Membiela di que aínda se descoñece como vai ser o novo C.A.P. polo que é difícil predicir a futura validación.

O Sr. Gómez Soler opina que a Univesidade debería posicionarse sobre o C.A.P.

O profesor Mazaira propón outra posible redacción no artigo 16 ou 17: engadir " na medida do posible terase en conta tamén a utilidade das materias en títulos posteriores" (acéptase).

En relación coas propostas do Sr. Álvarez Moreira, intervén o Vicerrector de Organización Académica.

A proposta de reforma do artigo 45 non se acepta e mantense o texto.

Acéptanse a emenda técnica e a modificación do artigo 47.

Sobre a modificación do artigo 20, o Sr. Soto está de acordo coa proposta do profesor Corbacho (" que se tenda ó 65%..."); sométese a votación:

a favor da emenda 3 votos

a favor do texto	19 votos
abstencións	7

Mantense o texto.

Sobre a proposta do profesor Reigosa no artigo 34 planteanse outras posibles redaccións:

..."agás que no convenio entre a Institución e a Universidade exista un mecanismo de avaliación axeitado"...

..."agás que apareza na oferta anual de libre elección"...

Acórdase que , de acordo co servicio de alumnado, se estudie a redacción oportuna.

Por último vótase toda a normativa cos cambios xa introducidos:

a favor	24 votos
en contra	0 votos
abstencións	5

Apróbase a normativa sobre materias de libre elección (anexo I). O profesor Pérez Amor quere que conste en acta o seguinte:

Desea hacer constar en acta mi abstención por entender que las materias /actividades a que hace referencia el Art. II.4 pueden ofrecer una muy diferente dificultad a la hora de superar esos créditos.

Por otra parte, no nos ofrecen suficiente garantía, tal como queda reflejada en la Normativa, los Cursos, Seminarios y Actividades a que se refiere el art. 36 del apartado 3.2.

Punto 7. Oferta de materias optativas para o curso 2000-2001

O Vicerrector de Organización Académica explica qué materias ou orientacións non acadan o número de matriculados contemplado na normativa e invita a unha reflexión cara á futura aprobación dos planos de estudio.

Os profesores Corbacho e Costas din que en certas materias de Traducción, aínda que o número de matriculados é baixo, non o é tanto como porcentaxe do total de matrículas.

O profesor Araujo di que habería que cumprir a normativa , se ben en Tecnoloxía de Alimentos, aínda non chegaron os alumnos de primeiro ciclo.

O Rector propón que se aproben tódalas materias optativas agás aquelas que están por debaixo dos mínimos. Para estas, a COAV estudiará cada caso. Se a materia está encargada a un área con capacidade docente consolidada, mantense e se se substitúe por outra debe ser sen coste; debe manterse en todo caso a oferta mínima para os estudantes se hai oferta suficiente haberá que suprimila; se a supresión implica contratación de novos profesores para impartir outra materia, seguirase a impartir

a materia existente. Acéptase esta proposta.

En canto ás orientacións, tendo en conta a pronta implantación dos novos plans de estudos, acórdase que permañezan.

Punto 8. Encargo de docencia das materias troncais e obrigatorias a implantar por primeira vez.

O Vicerrector de Organización Académica aclara que a adscrición correcta das materias de Enxeñería Informática é a seguinte:

Intelixencia artificial - área 075

Métodos formais na enxeñería do software - área 570.

Administración e deseño de bases de datos - área 570

Concurrencia e distribución - área 570

O profesor R. Berrocal indica que este punto debería incluír a renovación dos encargos de docencia de materias xa impartidas. O Vicerrector aclara que, se non hai rectificación por parte dos Centros enténdese que se renovan.

O Sr. Gómez Soler le un escrito asinado polo Sr. Álvarez Moreira sobre a adscrición das materias de Matemáticas das titulacións de Economía e LADE. O Rector explica o estado da tramitación deste asunto ante o Consejo de Universidades. O contido do escrito citado é o seguinte:

Punto 9. Axudas de investigación do ano 2000.

O Vicerrector de Investigación presenta esta convocatoria resaltando as novidades con respecto ás de anos anteriores. A definición de equipos de investigación é acorde coa que fai a Xunta de Galicia. Os criterios para equipos consolidados e en formación establecen unha puntuación que permite seleccionar obxectivamente as solicitudes. Inclúese a bibliografía dentro das infraestructuras de investigación. As cantidades adicadas a bolsas de viaxe son netas e o IRPF será asumido pola Universidade. En convocatorias novas apoíase a presentación de patentes, que poderán estenderse ó ámbito nacional e internacional; ampliáanse as bolsas predoutorais para estudantes estranxeiros.

O profesor Tojo di que a redacción debe mellorarse e que a definición dos diferentes conceptos debería estar na parte introdutoria xeral. Opina que certos proxectos de investigación, como os de medio ambiente, deberían ser xulgados previamente pola ANEP. Pensa que as publicacións de tipo A puntúanse demasiado e as teses de doutoramento pouco e pregunta por que non están as revistas de tipo B e C.

O profesor R. Berrocal di que debe suprimirse o apartado 6 das normas xerais xa que non existe a Comisión de Ética ou de Ensaíos Clínicos. Di que nesta convocatoria hai un cambio de filosofía coa que está de acordo pero que supón un cambio radical con respecto á anos anteriores. Participando, pois, da idea xeral opina que o tema debería estar máis debatido.

O profesor Membiela di que na definición das características dos equipos de referencia debe aclararse o término "vinculación permanente" nas páxinas 8 e 9. Opina que é excesiva a consideración dos equipos de referencia. Di que deberían incluírse proxectos de educación mediambiental.

O Vicerrector de Investigación di que no baremo de equipos consolidados poden incluírse as monografías e as revistas B e C tal cual están nas normas de produción científica. Non está de acordo con levar á ANEP os proxectos de estudos medioambientais. Está de acordo coa supresión do parágrafo que se refire á Comisión de Ética ou Ensaíos Clínicos. Propón engadir a referencia a proxectos de educación mediambiental e cambiar o término "profesorado de vinculación permanente" por "a tempo completo".

Con estas modificacións sométese a votación a proposta:

A favor	17 votos
En contra	0 votos
Abstencións	5

Apróbase (anexo II).

Punto 10. Modificacións do regulamento do CACTI

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Actividades de Extensión Universitaria.

O Vicerrector de Extensión Universitaria fai a exposición dos distintos apartados desta convocatoria.

O Sr. Gómez Soler di que debe aumentarse a subvención por parte da Universidade (60% en xeral e 85% para bolseiros do MEC). Di que o apartado de actividades de apoio á normalización non é só de cursos senón tamén de actividades. Propón que na convocatoria Alvaro de la Casas o prazo sexa ó de 11 de marzo de 2000.

O Sr. Martínez Cacharrón interésase polo prazo tope para solicitar axudas, polo papel dos Centros na concesión das axudas e polo parágrafo 2 da modalidade B na convocatoria de accións participativas e asociacionismo.

O profesor Mazaira propón que se introduza un prazo xeral cando non hai un prazo específico. Pregunta a qué se debe a limitación de 8.000 pts nos gastos de protocolo.

O Sr. Álvarez Moreira da lectura ó seguinte:

O Vicerrector de Extensión Universitaria responde ás anteriores intervencións. Explica que a limitación de 8.000 pts/hora para gastos de protocolo ven imposta polo Consello Social. Considera que

os prazos non son curtos porque os Centros xa fan a súa planificación durante todo o curso e que reducir o coste da matrícula suporía poder facer menos cursos. Acepta cambiar política cultural por vida

cultural no último apartado das actividades Ramón M^a Aller. Propón a seguinte redacción na modalidade B dentro das accións participativas e de asociacionismo Álvaro de las Casas:

Modalidade B: Asociacións consolidadas sectoriais ou dunha titulación e asociacións novas.

1. Igual
2. As asociacións dunha titulación poderán presentar proxectos, avalados pola asemblea da asociación...

Indica que se unha actividade non ven avalada, será estudada pola Comisión de Extensión Universitaria.

Apróbase a convocatoria por asentimento (anexo III).

Punto 12. Convenio coa Universidade de Santiago e coa Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais.

Apróbanse por asentimento.

O Sr. Santamaría indica que debe revisarse a redacción do convenio coa Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais e deben corrixirse as datas.

Punto 13. Resolución en apoio ó profesor insumiso Emilio Romero Lorenzo.

O Sr. Martínez Cacharrón explica o contido do texto que figura na documentación. Di que a data do xuízo debe corrixirse xa que vai ser o 20 de marzo.

O Sr. Santamaría cuestiona se a Xunta de Goberno pode pronunciarse ó respecto e di que en todo caso trataríase dunha declaración dos membros presentes e non dunha resolución.

O Sr. R. Berrocal opina que non procede tratar este tema en Xunta de Goberno como un posible acordo do órgano.

O profesor Membiela di que os problemas sociais tamén deberían afectar á Universidade.

O Rector di que declaracións deste tipo poden tamén incluírse dentro das funcións da Xunta de Goberno. Este é un problema que afecta ós estudantes varóns da Universidade e que é lícito que a Institución non permaneza allea. Di que cunha declaración deste tipo se interpreta o sentir da comunidade universitaria

O Sr. Pérez Betanzos coincide co Rector.

A continuación os membros da Xunta de Goberno presentes aproban o seguinte texto:

Os membros da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo presentes na sesión ordinaria de 10 de febreiro de 2000, á vista do xuízo que se celebrará o 20 de marzo de 2000 en Vigo contra o profesor Emilio Romero Lorenzo, procesado por insumisión, considerando que non ten ningún sentido condenar a ningunha persoa pola defensa das súas ideas e polo exercicio dun dereito democrático tal como é a obxección de conciencia, máxime no horizonte futuro da desaparición do servizo militar obrigatorio, acordan por asentimento dirixirse ó Xulgado do Penal nº2 de Vigo e á Fiscalía do Xulgado de Vigo (rúa Lalín, 4 -36209- Vigo) e solicitar a súa liberdade sen ningún tipo de cargos.

Asimesmo acordan tamén facer pública esta declaración e reclamar a despenalización absoluta de insumisión ó exército.

Punto 14. Elección para cubrir un posto vacante na Comisión de Investigación Delegada de Xunta de Goberno (sector estudantes).

A única candidatura presentada é a de D. Eduardo Soto García polo que non é necesario facer votación.

Punto 15. Rogos e preguntas.

O Sr. Gómez Soler pregunta cando se aprobarán as normas de organización docente do vindeiro curso (respóndeselle que na vindeira Xunta de Goberno). Pregunta polo peche da residencia universitaria de Ourense (o Rector explica que só había 13 estudantes e a empresa manifestou a súa intención de non seguir coa concesión, algúns estudantes se incorporáron á residencia de Allariz e outros se foron a pisos en Ourense). Roga que se anime á comunidade universitaria a facer unha proposta sobre o C.A.P. e sobre un posible ICE nesta Universidade (o Vicerrector de Organización Académica di que se no próximo curso non se organiza o ICE na Universidade de Vigo, faríase un convenio coa Universidade de Santiago). Pregunta pola denominación correcta da " Rúa Oporto".

Por último, en nome do profesor Pérez Amor, da lectura o seguinte escrito:

Ruego que conste en acta que los representantes de nuestra Universidad en las distintas instituciones en las que deba estar representada ean aprobados en Junta de Gobierno, como lo ha sido hasta ahora.

En cualquier caso, los representantes salientes deberían ser informados acerca de la persona que los va a sustituir: por una parte, más que por una cuestión de mínima elegancia, por una cuestión elemental de educación, y, por otra, para poder así realizar un relevo que posibilite que la propia Universidad pueda tener una postura minimamente coherente en sus actuaciones en la institución respectiva.

O profesor Corbacho pregunta cantos profesores invitados hai na Universidade. Roga que no futuro escritos na prensa como o do Director do Gabinete de Prensa debe facelos un cargo académico.

O profesor R. Berrocal roga que cando a Universidade se pronuncia institucionalmente, debe facelo un órgano de goberno unipersoal ou colexiado. Non debe facelo un cargo de libre designación

(como o Director do Gabinete de Prensa) que non é responsable dunha decisión de goberno.

O Sr. Álvarez Moreira roga ou pregunta o seguinte:

- ¿ Cuántos expedientes informativos a estudantes se han instruído desde maio de 1998 ?
- ¿ Cuántos de ellos se han convertido en sancionador ?
- ¿ Cuántos expedientes sancionadores se han instruído y ejecutado desde maio de 1998 ?
- ¿ Caso de haber alguno me gustaría saber cual fue la falta y cual la sanción, y caso de ser posible, la persona ?
- ¿ Se han abierto las salas de lectura nocturna durante el periodo de exámenes?
- ¿ Cuáles y en qué horario ?
- ¿ Se tiene pensado incrementar la oferta de salas de lectura nocturna y durante los fines de semana a lo largo del curso ?

Ruegos y preguntas indicadas en el escrito del punto 11 del orden del día: puntos 1 y 2 del programa "Álvaro de las Casas":

- cantidad del 99
- listado del 99

Ruego conste que el pasado día 1-II-00 fui convocado a las C.D. y COAV en la Sala de Juntas del Rectorado. Envíe un fax, a los Vicerrectorados de Profesorado y Ordenación Académica, disculpando mi asistencia a una de las dos y además que llegaría con retraso por motivos laborales. Sobre las 13:30 horas llegue, y quede, en la Sala de Juntas del Rectorado en la cual estaba celebrándose la Comisión de Docencia y, por tanto no asistí a la COAV (En días pasados varios miembros de la comunidad universitaria me solicitaron explicaciones sobre el sentido de mi voto en algunos temas de la COAV del 1-II- 00).

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 21 horas do día 10 de febreiro de 2000 do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo